

## A expulsión dos xesuítas de Pontevedra a través dos fondos bibliográficos do Museo de Pontevedra


*O Museo de Pontevedra durante o pasado mes de xuño acolleu unha exposición sobre o Tricentenario da consagración da igrexa dos xesuítas, hoxe parroquia de San Bartolomeu, comisariada por Ángeles Tilve, que abriu o camiño ó presente estudo.*

A expulsión dos xesuítas lévase a cabo no século XVIII durante o reinado de Carlos III, quen o 27 de febreiro de 1767 asina a *Pragmática Sanción* que “estraña” ós xesuítas de todo o Reino. O día 1 de abril en Madrid e o 3 no resto de España execútase. A medida non foi unha decisión precipitada se non que estivo xestada desde os tempos de Fernando VI, cando en 1754 se destituíu ó marqués de la Ensenada, e o xesuíta Padre Rábago deixou de ser o confesor real. A chegada dun novo equipo ministerial anti-xesuítico no que o ministro Orga, antigo manteísta resentido, xogou un papel fundamental, prepara o camiño á que se denominará en tempos de Carlos III, “Operación Cesárea”.




A expulsión baseouse en intereses económicos, sociais e de índole política máis ca relixiosos. Os motíns primaverais de 1766 contra Esquilache, dos que foron acusados os xesuítas, levan ó Rei a crear un Consello Extraordinario, cuxos membros se confabulan nun xuramento de silencio. Ademais, o monarca vai solicitar unha investigación reservada ó fiscal do Consejo de Castilla, Rodríguez Campomanes, quen, en 31 de decembro de 1766 entrega ó Rei un escrito con 746


puntos, nos que enumera as razóns polas que os xesuítas deben ser expulsados. Descoñecido ata o século XX, na actualidade podemos afirmar que nese “*Dictamen Fiscal*” vaise sustentar toda a base xurídica dos escritos, providencias ou autos de estrañamento, e mesmo extinción universal da Compañía, desbancando deste xeito a idea equivocada de que o artífice da trama fora o conde de Aranda como presidente do Consejo de Castilla, cando en realidade so foi un instrumento.



Pontevedra, ten Colexio xesuíta desde 1654 e é por iso que as autoridades locais reciben o *prego reservado* que o 20 de marzo de 1767 envía o conde de Aranda a todas as poboacións que contaban cun centro. As instrucións prohiben que sexa aberto antes do 2 de abril e expresan a esixencia de que se cumpran ó pé da letra todas e cada unha das disposicións que se indican, sen esquecer que os relixiosos “aínda que estrañados, están baixo a protección do Rei” e merecen un trato de respecto. Esta é a única parte da acta de expulsión que non se vai cumprir. Para o estudo de todo o proceso en Galicia contamos cun importante traballo realizado polo Padre Rivera Vázquez publicado baixo o título de *Galicia y los Jesuitas*. Neste labor investigador inclúe referencias a fontes escritas, algunha coetánea á expulsión, como é o *Diario* manuscrito do P. Luengo.





Durante a noite do 2 ó 3 de abril as tropas do provincial da cidade e do rexemento de Navarra rodean o Colexio de Pontevedra. Don José Manuel Otero Pazos, tenente correxedor da vila, acode moi cedo cun escribán para que tome nota de que se compren os 29 puntos que se recollen na acta, con eles perséguese un dobre obxectivo: o estrañamento dos 14 suxeitos que están na casa e a ocupación de todos os seus bens. O Padre Isla, testemuña presencial por atoparse neste Colexio, recolle no *Memorial en nombre de las cuatro provincias de España de la Compañía de Jesús desterrados del reino a S.M. el Rey Don Carlos III*, escrito no desterro, en 1768 en Calvi (Córsega), como se levou a cabo a operación, en ocasións con crueldade. Todos os residentes no Colexio foron recluídos no cuarto do reitor e procedeuse á lectura da *Pragmática Sanción*. Despois, fíxose reconto de alfaias e bens e revisáronse todo tipo de libros e papeis, deixando apenas algunha pertenza ós Padres. Tamén o historiador local Claudio González Zúñiga na súa *Historia de Pontevedra* publicada en 1846, antes de que o memorial de Francisco Isla vexa a luz, relata a expulsión: o pobo de Pontevedra arroupando ós xesuítas, chora a súa marcha. E, o propio autor, non pode reprimir engadir un lamento: o día 4 coa marcha dos xesuítas, foi “día de luto y llanto para el pueblo de Pontevedra....todas las puertas... se cerraron para el saber humano.”



O mesmo memorial do P. Isla recolle a preocupación polo éxito alcanzado pola súa obra *Fray Gerundio de Campazas* e de como, por medo a que se puidera achacar a toda a Compañía a culpa de un suxeito particular, el, deixou no colexio de Pontevedra sobre a súa mesa de traballo, as notas coas que é reprendido polo Padre Provincial por ter publicado a obra. Razón non lle faltaba, pois aínda que descoñecía o informe de Campomanes, debido ó gran secretismo que rodeou a operación de estrañamento, o punto 589 di que o principal obxectivo do *Fray Gerundio* é desprestixiar ás demais ordes relixiosas, coas que está en contradición, desacreditándoas e facéndoas parecer ridículas.




A obra vira a luz en Madrid en 1758 baixo o pseudónimo de Francisco Lobón de Salazar, e foi acollida cun entusiasmo tal que en menos dunha hora da súa aparición vendéronse 300 exemplares, incluídos os que estaban en rama. E, a tirada total, de 1.500, esgotouse no tempo que tardaron en traballar na súa edición, día e noite, nove libreiros. Pero pronto foi denunciada á Inquisición pola súa irreverencia ós ministros de Deus. O tribunal do Santo Oficio parou os traballos de reimpresión ata que o 10 de maio de 1760 deu o seu veredicto: condenaban expresións do libro, pero nada se lle imputaba ó autor, sen embargo, prohibíanse os escritos a favor e en contra. Isto non impediu que proliferaran os papeis voantes sobre un libro que criticaba duramente a linguaxe pomposa dos sermóns que moitos relixiosos empregaban e que o pobo non podía entender. Por outro lado, a celebridade alcanzada e a forte demanda, levan a moitos países europeos a traducir a obra. En España séguese a ler con avidez e sucédense as impresións ata entrado o século XIX.






Debido á repercusión mediática de *Fray Gerundio* xorden edicións piratas e apócrifas, pois os oportunistas no perden a ocasión de beneficiarse do éxito alcanzado por ela. No mesmo ano da aparición da 1ª edición publicouse en Viena un folletino anónimo titulado *Folio Volante sobre la vida del famoso predicador Fray Gerundio de Campazas* cuxa autoría, segundo Palau no seu *Manual del librero Hispanoamericano*, corresponde ó P. Domingo Patricio Meagher.

Nesta mesma liña de engano ve a luz un impreso que enfadou moito a María Francisca Isla, irmá e *alter ego* de Francisco, publicado en Madrid no ano 1790, cando o P. Isla xa morrera, co título de *Rebusco de las obras literaria, así en prosa como en verso del Padre Isla*, contiña cartas, versos, sátiras... e, aínda que se pretendía atribuílo ó xesuíta, o seu estilo rudo, agás nas cartas, e a denuncia constante da súa irmá relativa á súa




falsidade, poñen a esta primeira edición da obra no lugar que lle corresponde.

O relato do periplo dos xesuítas desde que embarcan nos portos españois —os irmáns de Pontevedra fano en Ferrol— ata que chegan ós Estados Pontificios que Carlos III elixira como destino final de todos os “expulsos”, fala das moitas penalidades polas que pasan os padres, ata o punto de que algúns non conseguen finalizar a viaxe; e os que o logran atópanse coa sorpresa de que o Papa Clemente XIII, despois de queixarse amargamente, non os acepta no seu territorio. Carlos III consegue da República de Xénova que se establezan en Córsega ata que, en 1768, Francia compra a illa e o papa decide acollelos. Os relixiosos que pertencen á provincia de Castela, na que se inclúe o colexio de Pontevedra, van establecerse en Bolonia e esta é a razón pola que en 1787 se publica alí o *Carmen Patrium Sive Pontevedra* escrito polo P. Amoedo Carballo, natural da “Boa Vila” pola que sente gran nostalxia. Este fermoso eloxio da cidade, está escrito en latín, en hexámetros dactílicos que son un metro para especialistas, que el tiña aprendido no colexio pontevedrés. Para o prólogo, dirixido ós seus paisanos, utiliza a prosa. Reedítase ó ano seguinte en Santiago pola emblemática imprenta de Ignacio Aguayo.



A versión galega aparece en 1853 en Pontevedra da man de Xoán Manoel Pintos, sabedor do descoñecemento da obra e do esquecemento do autor por parte dos seus paisanos.



Cando en 1773 o papa Clemente XIV no seu Breve de extinción e abolición da orde, *Dominus ac Redemptor*, expresa a prohibición de falar ou escribir sobre a Compañía a todo o clero secular e regular e mesmo ós ex-xesuítas, facía xa tempo que os impresos sobre o tema corrían por Europa e incluso por España, aquí, a pesares de que o propio Rei Carlos III tiña “imposto silencio” na *Pragmática Sanción* de 1767 baixo ameaza de castigar como reos de “lesa maxestade” a todos os seus súbditos que contraviñeran a súa orde. A gota final que levou ó rei a prohibir a entrada de “libelos” en España, foi o escrito “Letera del Vescobo...”, publicado en Amsterdam en 1776, que nas súas 73 páxinas contiña respostas demostrativas da inocencia dos xesuítas e afirmaba que “o goberno español despois de ter desterrado ós xesuítas está ocupado buscando entre os papeis as causas do desterro”. A Real Provisión do Rei publicada en Madrid en 1777, é clara no súa intención, retirada de todos os exemplares e copias tanto impresas como manuscritas.



Despois da expulsión, o procurador de cada colexio tiña que permanecer nel durante dous meses para axustar as contas e informar ós comisionados dos bens ou temporalidades, isto é, todas as propiedades, bens mobles e inmobles, rendas eclesiásticas... que posuía cada centro, coa fin de cubrir con elas os gastos que ocasionaba a expulsión e o pago da pensión vitalicia que se concedera ós “expulsos”. Para a súa xestión e control, Carlos III puxo en marcha un sistema administrativo dirixido por un Consello Extraordinario, integrado por ministros laicos e relixiosos, sempre supeditado á última decisión do Rei. Dentro deste traballo de regulamentación que está levando a cabo, el Rei pide en 1768 ós fiscais Rodríguez Campomanes e José Moñino un informe co que poder xustificar que as posesións embargadas corresponden ó Monarca e así evitar as reclamacións do Papa. En 1769 subhasta parte dos bens e crea as Xuntas Provinciais e as Locais e, pola *Real Cédula* de 25 de novembro de 1783, estipula o nacemento dunha dirección de temporalidades para España e illas adxacentes para deste xeito, liberar ó Consello dos problemas económicos derivados da súa xestión. En 1797 o Rei da unha *Real Cédula* pola que se crea unha Superintendencia Xeral de temporalidades e unha Dirección Xeral. Finalmente, ó ano seguinte, polo *Real decreto de 19 de*

setembro, incorpóranse á Real Facenda os bens que estaban sen vender, en forma de vales reais, nun intento de saneala.

O 7 de agosto de 1814 Pío VII dá a bula *Sollicitudo Omnium Ecclesiarum* que derroga en todos os Estados a bula de Clemente XIV e Fernando VII o 29 de maio de 1815 revoca a pragmática do seu avó Carlos III e restitúe á Compañía. A loita fora longa, e os folios escritos a favor e en contra, incontables. O Museo conserva un memorial de 1812, no que os asinantes, presbíteros ex xesuítas, Juan José Tolrá, Elias Royo e José Otero denuncian formalmente a *Pragmática Sanción* de 1767, e preséntana como unha “sentencia abusiva,



ilegal, capciosa, calumniosa, errónea, injusta”, coa que Carlos III intentou “cerrar sus bocas y paralizar sus lenguas” e por todo iso apelan á xustiza para que se anule o seu código lexislativo e se constituía un tribunal que trate de forma xusta a causa dos xesuítas con arranxo ó dereito e as leis e ás providencias xudiciarias.

Se Rodríguez Campomanes foi o teórico da supresión en 1767, agora o ditame doutro fiscal, Gutiérrez de la Huerta, devolve a Compañía en 1815. Sen embargo a desaparición e reaparición da Orden en España sempre estivo supeditada a motivos políticos e aínda sufrirá unha nova supresión e restauración en 1823, en ciclos

coincidentes co signo contraditorio da política española decimonónica. Estes vaivéns xa non puideron ser relatados polo Padre Isla que morrera o 2 de novembro de 1781, en Bolonia, nin polo P. Amoedo Carballo que morreu el 24 de decembro de 1811 no cárcere de Mantua onde foi parar por terse negado a recoñecer como rei de España a José I Bonaparte.

Ana Barbazán Iglesias  
Bibliotecaria



## Bibliografía

Amoedo Carballo, Hermenegildo. *Carmen patrium sive Pontevedra*, Rivera Vázquez, Evaristo, intr., Díez Escanciano, Ambrosio, versión castellana, *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciales*, Pontevedra, n. 11, 1995, p. 209-228.

*Diccionario histórico de la Compañía de Jesús: biográfico-temático*, O'Neill, Charles E., Domínguez, José María, dir., Madrid, Universidad Pontificia Comillas, 2001, 4 v.

Filgueira Valverde, José. *En el Centenario del P. Isla: 1703-1781: El P. Isla en Pontevedra*, Pontevedra, Deputación Provincial, 1981, Folletos conmemorativos del 12 de octubre; 26.

Filgueira Valverde, José. *El P. Amoedo Carballo: Pontevedra 1747-Bolonia 1811: exiliado, autor del Carmen Patrium, héroe de la Independencia*, Pontevedra, Diputación Provincial, 1986, Folletos conmemorativos del 12 de octubre; 31.

González Zúñiga, Claudio. *Historia de Pontevedra, o sea de la antigua Helenes fundada por Teucro...* Pontevedra, imp. Vda. de Pintos, 1846.

Palau y Dulcet, Antonio. *Manual del librero hispanoamericano: bibliografía general española e hispanoamericana....*, Barcelona, Librería Palau, 1954, T. 7: I-L.

Isla, José Francisco de. *Cartas inéditas del P. Isla*, Fernández, Luis, ed., Madrid, editorial Razón y Fé, 1957.

Isla, José Francisco de. *Obras escogidas del Padre José Francisco Isla*, con una noticia de su vida y escritos por José Monlau, Madrid, M. Rivadeneyra editor, 1850, Biblioteca de Autores Españoles...; 15.

Martínez Tornero, Carlos Alberto. "Las temporalidades jesuitas. Aproximación al funcionamiento administrativo después de la expulsión de la Compañía de Jesús en 1767", en *Esteban de Terreros y Pando: vizcaíno, polígrafo y jesuita. III Centenario.1707-2007*, Bilbao, Instituto de estudios vascos, Universidad de Deusto, 2008, p. 537-562.

<http://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/11257/1/Temporalidades%20Jesuitas.pdf>

*El Padre Isla: su vida, su obra, su tiempo, conferencias... pronunciadas en la Biblioteca pública del Estado de León, 1981, con ocasión del III Centenario de la muerte del Padre Isla*, León, Institución Fray Bernardino de Sahagún, 1983.

Rivera Vázquez, Evaristo. *Galicia y los jesuitas: sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*, La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989, Galicia Histórica.

Rodríguez Campomanes, Pedro. *Dictamen fiscal de la expulsión de los jesuitas de España, 1766-1767*, Cejudo, Jorge y Egido, Teófanos, ed., Madrid, Fundación Universitaria Española, 1977.

Todo o material que aparece aquí reproducido e a bibliografía consultada atópanse nos nosos fondos bibliográficos, a excepción do artigo de Carlos Alberto Martínez Tornero, “Las temporalidades jesuitas. Aproximación al funcionamiento administrativo después de la expulsión de la Compañía de Jesús en 1767”.